

## COMISIÓN DE ACCIÓN SOCIAL ACTA

**Data:** 11 de decembro de 2019

**Hora de inicio/hora de remate:** 10:15h / 13:30 h

**Lugar:** Sala de reunións do edificio Exeria

**Membros:**

Pola Universidade:

- Raquel María Souto García (Xerenta)
- José González Groba (Vicexerente)
- Antonia Melón Amor
- Marta Cogolludo Fernández (secretaria)

Polos Comités de Empresa de PAS de Ourense e Pontevedra:

- José Estévez Vázquez
- Carlos Román Lago (non asiste)
- Luís Pérez Gómez

Pola Xunta de PAS:

- Xoan M. Cebro Rodríguez (non asiste)
- Henrique Macías Cambra
- José Manuel Sónora Abejón (non asiste)

Pola Xunta de PDI:

- Generosa Fernández Manín (desculpa asistencia)
- María Montero Muñoz
- Miguel González Loureiro

Polos Comités de Empresa de PDI de Ourense e Pontevedra:

- Begoña González de Prado (desculpa asistencia)
- Javier Lorenzo Paniagua (non asiste)

## ORDE DO DÍA

1. Aprobación da acta da reunión anterior (15/10/2019).
2. Análise do informe da Valedora da Universidade de Vigo relativo ao principio de igualdade da base terceira da Convocatoria do Fondo Social 2019 (gastos 2017) e, no seu caso, adaptación da nova Convocatoria Fondo Social 2019 (gastos 2018).
3. Comunicación da necesidade de adaptación da Convocatoria do Fondo Social 2019 (gastos 2018) á implantación en Sede Electrónica do procedemento de tramitación da nova convocatoria.
4. Rogos e preguntas.



A Xerenta da comezo á reunión.

## 1. Aprobación da acta da reunión anterior (15/10/2019).

A Xerenta comeza preguntando aos membros da comisión se aproban a acta anterior, sen ningunha modificación, dáse por aprobada a acta.

## 2. Análise do informe da Valedora da Universidade de Vigo relativo ao principio de igualdade da base terceira da Convocatoria do Fondo Social 2019 (gastos 2017), e no seu caso, adaptación da nova Convocatoria Fondo Social 2019 (gastos 2018).

A Xerenta traslada o informe da Valedora relativo á recomendación de que se respecte o principio de igualdade dentro da base terceira da convocatoria.

Dado que existen diversas opcións de cambio, e sen querer entrar nunha modificación a fondo da convocatoria, pásese a debater a opción a aplicar para esta convocatoria, deixando unha reflexión profunda para a seguinte convocatoria.

As dúas opcións do debate son:

- Eliminar das persoas beneficiarias aos familiares de segundo grao (ascendentes e descendentes), pois nunca se deu axuda a estes familiares e, polo tanto, non tivo impacto negativo discriminatorio na disposición de fondos, ou
- Limitar a idade dos beneficiarios de segundo grado aos menores de 25 anos.

E ademais, débatese sobre se esta Comisión é competente para aprobar nesta reunión unha modificación das bases dunha Convocatoria aprobada nunha sesión anterior, e discútense se procede modificar a Convocatoria cando foi aprobada con anterioridade ao informe de recomendación da Valedora.

A Comisión reconece que, aínda que a recomendación é posterior á aprobación das bases da Convocatoria pola Comisión, aínda non foi publicada e aprobada polo Reitor, polo que é recomendable a súa modificación eliminando a discriminación.

Luís Pérez propón eliminar o segundo grao dentro das persoas beneficiarias.

Os asistentes acordan limitar a idade dos beneficiarios de segundo grado aos menores de 25 anos, de forma que a **base terceira: Persoas beneficiarias, apartado d)** queda redactada do seguinte xeito:

*"Os fillos e as fillas maiores de 18 anos e menores de 25, fillos e fillas maiores discapacitados, os ascendentes de primeiro grao e os familiares de segundo grao de consanguinidade ou afinidade menores de*



*25 anos (a 31 de decembro de 2018), serán beneficiarios/as sempre que convivan no domicilio familiar e dependan economicamente."*

### 3. Comunicación da necesidade de adaptación da Convocatoria do Fondo Social 2019 (gastos 2018) á implantación en Sede Electrónica do procedemento de tramitación da nova convocatoria.

Con motivo da implantación da sede electrónica na Universidade de Vigo, o procedemento para efectuar a solicitude de Acción Social correspondente á Convocatoria do Fondo Social 2019 estase preparando para a súa presentación vía telemática, polo que é preciso adaptar as bases da convocatoria no relativo á forma, lugar e prazo de presentación de solicitudes e información, así como ás notificacións que se practicaran por medios electrónicos.

A implantación da sede electrónica conleva a creación dun expediente electrónico, e precisará requirir novamente a documentación relativa a libro de familia, certificado de parellas de feitos, certificado de discapacidade..., sempre e cando non se poida consultar automaticamente os datos nos organismos respectivos. Esta petición faise necesaria para que en sucesivas convocatorias, ou noutros procedementos, o interesado non precise presentalos novamente.

O prazo para publicar a convocatoria estímase que sexa a finais de xaneiro de 2020, data na que se prevé que entre en funcionamento a sede electrónica da UVIGO.

### 4. Rogos e preguntas.

Faise entrega do informe solicitado por Miguel González Loureiro na anterior reunión do número de solicitudes por tramo de renda dentro de cada axuda.

Luis Pérez di que a comisión debería profundizar sobre a política de acción social, que engloba moito máis que a propia convocatoria de acción social. Miguel González está de acordo.

Incorpórase á reunión ás 13:12h Henrique Macías.

A Xerenta di que acción social estaría pendente dun análise mais profundo, que despois de aprobar estas modificacións para esta convocatoria 2019, queda pendente para os membros da comisión ir preparando a convocatoria do ano 2020, que supoña unha mellora da Convocatoria.

Luis Pérez pregunta como se xestiona a exención de matrícula dos centros adscritos, a Xerenta di que se verá como está redactada a convocatoria de exención de pago de matrícula.

